

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Entradas

Circulación en sentido único, respetando a sinalización dos itinerarios marcados nos corredores ata chegar á súa aula, onde deberá ocupar o seu pupitre, que será asignado polo titor/a o primeiro día de clase para todo o curso.

O elevador será empregado só en caso de necesidade por motivos de mobilidade.

Entrada puntual al centro dous minutos antes da hora da súa quenda, portando máscara, mantendo a distancia de seguridade e en fila dun en un, sen tocar a baranda, evitando o uso das zonas comúns e entrando directamente á súa aula.

Uso do xel hidroalcohólico ao entraren á aula.

Saídas

O profesor/a que imparta clase na hora de saída, sairá primeiro da clase acompañando ao alumnado á saída e velará para que o alumnado saía en fila, de un en un, gardando a distancia de seguridade, vixiando o fluxo de alumnado para evitar aglomeracións nos espazos comúns.

Recreos

Recreo fóra do recinto escolar.

O alumnado será acompañado cara á saída polo profesor/a que imparta clase antes do recreo.

Uso do xel hidroalcohólico ao entraren á aula á volta do recreo.

Non se permitirá, salvo circunstancias excepcionais, o uso do aseo á volta do recreo.

Cambios de aula

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

Normas de aula

Uso da máscara é obrigatorio.

Hixienizar as mans cos dispensadores de xel hidro-alcóhólico á entrada da aula.

O profesor/a será o responsable de hixienizar o seu posto ao entraren na aula.

Gardar o material de xeito persoal e diferenciado e non compartir material. En caso de material de uso común, debe desinfectarse antes e despois. Non deixar o material na aula ao remate da xornada.

Permanecer na aula nos cambios de clase.

As ventás, persianas, ordenador, etc de cada aula deberá ser manipulado exclusivamente polo profesorado para diminuír riscos de contaxio.

Baños

1 usuario.

Uso de máscara no centro

Obriga de usar máscara en todos os espazos do centro.

O alumnado deberá levar unha máscara posta e outra de reposto.

O NON USO da máscarilla ou o MAL USO dela, será considerada **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**.

ACTUACIÓNS EN CASO DE COVID

SOSPEITOSO CON SÍNTOMAS EN CASA

-Dar aviso ao equipo COVID do centro no teléfono 988243834 en horario de 8:30 a 14:00 e de 15:30 a 22:30.

-Permanecer en illamento domiciliario.

-Solicitar cita telefónica co médico de Atención Primaria correspondente. Fóra de horario laborable, chamar ao PAC e en caso grave chamar ao 061.

-En caso de confirmación de positivo por parte do SERGAS, avisar ao equipo COVID do centro.

SOSPEITOSO CON SÍNTOMAS NO CENTRO

-Illamento na Sala Covid coas medidas de seguridade e prevención correspondentes.

-Solicitar cita telefónica co médico de Atención Primaria correspondente ou chamar ao titor/a se é menor para que veña a búscalo e solicite a cita telefónica.